



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBAN OS CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DE ORZAMENTOS DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE SERVICIOS

Don VALENTIN GONZALEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

A Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) regula pormenorizadamente no seu artigo 100 o orzamento base de licitación, que é un elemento fundamental para a correcta definición do prezo do contrato que permita dentro dos prezos de mercado, a maior concurrencia, dende criterios de eficiencia e contribúa a unha maior transparencia de cara aos operadores económicos.

Neste sentido, o apartado 2 do artigo 100 establece : *“No momento de elaboralo, os órganos de contratación coidarán de que o presuposto base de licitación sexa adecuado aos prezos do mercado. Para ese efecto, a presuposto base de licitación desagregarase indicando no prego de cláusulas administrativas particulares o documento regulador da licitación os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación. Nos contratos en que o custo dos salarios das persoas empregadas para a súa execución formen parte do prezo total do contrato, o presuposto base de licitación indicará de forma desagregada e con desagregación de xénero e categoría profesional os custos salariais estimados a partir do convenio laboral de referencia.”*

Tendo en conta os distintos criterios que se veñen aplicando polas diversas unidades da Deputación, e a fin de unificar a aplicación dos mesmos, por parte dos Servizos de Fiscalización e Patrimonio e Contratación realizouse o correspondente estudo de estimación de criterios para elaboración de orzamentos de expedientes de contratación de servizos, co fin de homoxeneizar os mesmos, como unha experiencia piloto provisional, que en virtude da súa aplicación práctica, a experiencia e as aportacións dos distintos servizos da Deputación, poida ser obxecto de revisión ou ratificación.

En todo caso, a porcentaxes incluídas son unha estimación que deberá avaliarse en función do tipo de contrato e convenio do sector.

RESOLVO

1.- Aprobar os criterios que deberán de utilizarse, sin prexuízo do disposto no apartado segundo desta resolución, para a elaboración de orzamentos de expedientes de contratación de servizos que se detallan a continuación:

CUSTOS DIRECTOS		Importes estimativos máximos	
CUSTOS SALARIAIS			
	Salario base	Convenio	CS
	Complementos	Convenio	
	Prorrata pagas extra	Convenio	

	Nocturnidade, etc.	Convenio	
	Absentismo (S/CS)	4%	22%
	Sustitucións por vacacións (30/365)(S/CS)	9%	
	Formación (S/CS)	6%	
	Antigüedad (S/CS)	3%	
	Seguridade Social (S/CS)	36%	36%
	Dietas	Detallar importe	
	Desprazamentos	Detallar importe	
OTROS CUSTOS DIRECTOS			
	Necesarios para a execución do contrato, determinados individualmente e vinculados ao 100% directamente a súa execución . <u>Tipos de gastos que se poden imputar:</u> Material de oficina, Transportes, Ferramentas e utillaxe, vestuario, seguros, gastos de amortización inmovilizado material, outros a detallar, etc	Detallar, xustificar importe e concepto	
CUSTOS INDIRECTOS			
	Gastos de produción da empresa vinculados indirectamente á execución do contrato, nunha porcentaxe inferior ao 100%, e cuxa medición directa da cantidade a imputar ao contrato non resulta posible, polo que debe imputarse á porcentaxe imprescindible para a execución do contrato. <u>Tipos de gastos que se poden imputar:</u>	Detallar, xustificar porcentaxe, importe e concepto	

	Material de oficina, Transportes, Ferramentas e utillaxe, vestuario, seguros, gastos de amortización inmobilizado material, outros a detallar, etc	
GASTOS XENERAIS		
	Porcentaxe de gastos de funcionamento xeral da empresa imputables ao contrato .(Gastos de xestión, organización, control, subministracións, limpeza etc.)	13%
BENEFICIO INDUSTRIAL		6%

Unha vez determinado o orzamento en base a estos criterios, ao resultado se lle aplicará o tipo de IVE correspondente, no seu caso.

2.- Establecer que no caso de estimar necesaria a aplicación de distintos porcentaxes ou modificar algún dos criterios dos indicados no primeiro apartado, deberá xustificarse adecuadamente no expediente.